



A FOLLA DA CGT

Núm. 68 - 4 xuño 2021

Comedor-economato

Como xa temos denunciado, os novos ingresos non teñen dereito a cobralos. Por que? Porque así o decidiu o comité. Motivo da decisión? Que a Comisión central de

Política Salarial ía debater toda a cuestión dos conceptos sociais do convenio.

Problema? A Comisión tiña que rematar os seus traballos en **setembro de 2019**; estamos case dous anos despois, e a casa sen varrer.

Os primeiros damnificados foron os compañeiros de Sestao. Despois viñeron os TS júnior. Despois os operarios eventuais. E agora se sumaron os operarios júnior.

Os novos ingresos teñen menos dereitos que os traballadores antigos porque algúns dereitos pasaron de ser colectivos a ser dereitos individuais das persoas procedentes do XXI Convenio de Bazán.

Ademais, este convenio tamén lles prexudica noutros aspectos. Antes só había **un** nivel de entrada; agora hai **dous**. Antes botaban no nivel de entrada **6 meses**; agora botarán **catro anos**. E, a pesar de que estamos en 2021, cobran **menos** do que cobrarían en 2018 co convenio anterior.

E aínda por riba de ter menos dereitos que os antigos, ¿váiselles negar os dereitos que, convenio en man, lles corresponden? O ano pasado tiveron cartucho. Por que non van cobrar agora o comedor-economato?

O papel do sindicalismo non é dividir os traballadores, senón todo o contrario: contribuir a poñer de manifesto os intereses **comúns** que compartimos **tod@s** polo feito de sermos **traballador@s**.

Por se non tiñamos dabondo cos problemas que crea a división principal-compañías, agora se suma o perigo potencial dunha división na propia principal. A **dobre escala** de dereitos é unha **ameaza** grave para o movemento obreiro. Hai que traballar sindicalmente para cerrar esas fendas. É unha cuestión **estratéxica** decisiva. E tamén de **compañeirismo** e de **conciencia de clase**.

Cremos que este tema é de tanta transcendencia, que a **CGT** propuxo debatelo e decidilo nunha asemblea xeral. Non se aceptou, e o mércores haberá un pleno extraordinario do comité para tomar unha decisión. A **CGT** non lle vai negar a ningún traballador o que lle corresponde. E con máis razón cando se trata dos traballador@s con menos dereitos, sexan os novos ingresos de Navantia respecto dos antigos, ou os compañeiros da IA respecto á principal.

A igual traballo, igual salario!

Prazas 2020-2021


Este mércores, o intercentros acordou ratificar o acordo sobre as bases das convocatorias de prazas correspondentes a 2020-21 alcanzado na Comisión Central de Emprego.

A semana pasada xa analizamos os seus principais aspectos. Pero non se trata só de que sexan negativos, senón que contradín o acordado naquela asemblea xeral do 25 de febreiro do ano pasado que a maioría sindical CCOO-MAS se viu obrigada a convocar tras unha recollida de sinaturas por parte da **CGT** e a CIG.

Toda esta cuestión debaterase nunha asemblea xeral. A **CGT** propuxo unha rolda de asembleas de tallo previas á asemblea xeral, pero non se aprobou.

A **CGT** defenderá un pronunciamento da asemblea en contra do documento das novas bases, por manterse un alto grao de **subxectividade** (que inclúe a posibilidade de que para determinadas prazas de **empregados** poida haber unha **entrevista persoal**).

Ademais, a **limitación** da antigüidade dos títulos nas prazas júnior a un máximo de **12 anos** representa unha discriminación indirecta por razón de idade, algo prohibido por lei. Os títulos académicos non caducan. Esta limitación impide na práctica que persoas cunha titulación válida se poidan presentar ás prazas.



" El problema es que esperamos que la mujer trabaje como si no tuviera hijos y que críe como si no tuviera que trabajar"

Vigo e Puerto Real sinalan o camiño: hai que organizar unha rebelión obreira

A principios de maio, os traballador@s de Airbus Puerto Real (principal e compañías) estaban mobilizándose contra a ameaza de peche da planta, convocados por CCOO, UGT e a **CGT**. De repente, as federacións de CCOO e UGT anunciaron un acordo aceptando ese peche. Os traballador@s sentíronse **traizoados**, e o día 21 secundaron masivamente a folga convocada en solitario pola **CGT**. Agora, o noso sindicato convoca unha **folga xeral** en toda a provincia de Cádiz para o 18 deste mes.

Por outra banda, onte celebrouse unha manifestación polas rúas de Vigo, cun milleiro de persoas, convocada pola Plataforma de Traballadores do Metal, para protestar contra outra **traizón sindical**: CCOO e UGT asinaron, contra a vontade dos traballadores, o convenio provincial, que recorta os salarios en cerca de 100 € mensuais.

Son dous exemplos de rebelión obreira fronte ó intento permanente das burocracias sindicais por esmagar a vontade de loita dos traballadores fronte á ofensiva capitalista que busca empobrecernos. No caso de Puerto Real, a ferramenta que permitiu que esa vontade se expresase foi un sindicato minoritario (CGT); no caso de Vigo, os compañeiros organizaron unha coordinadora de traballadores que xa foi quen de convocar dúas manifestacións.

O que sucede en Vigo ou en Puerto Real é o mesmo que vimos sufrindo en Ferrol, moi especialmente nestes últimos anos, onde os grandes sindicatos se empregaron a fondo para evitar dar



una batalla consecvente en demanda da carga de traballo, a pesar de ser unha demanda moi sentida por moitos traballador@s (especialmente da Industria Auxiliar), para asinar un convenio de recortes en Navantia ou para boicotear a folga indefinida das compañías.

Vigo e Puerto Real sinalan o camiño a seguir en Ferrol e o resto do Estado: para poder loitar frontalmente contra esta ditadura laboral de baixos salarios e emprego precario sen dereitos que o capital quere impoñer, **os traballador@s temos que organizarnos á marxe duns grandes sindicatos que funcionan como soporte das empresas.**

Operarios-empregados sénior 2019

Continúa a nova análise das inscricións nestas prazas. Esta semana rematouse con Electricista.

De novo, a porcentaxe de **non admitidos** subiu algúns puntos porcentuais. A porcentaxe total final dependerá das inscricións nas prazas de Administrativo, a única profesión pendente. Cóntase con revisalas a semana que vén.

Horas sindicais de maio

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	12,75	Día 5. Delegación do Goberno (10:00-13:00)	7,00	19,75
		Día 6. Piquete Cándido Hermida (06:00-08:00)		
		Día 13. Mobilización Xunta de Galiza (10:45-12:45)		
Xaquín	58,75	Día 5. Delegación do Goberno (10:00-13:00)	11,30	70,05
		Día 6. Piquete Cándido Hermida (14:00-14:24)		
		Día 12. CGT Metal Vigo (08:15-14:24)		
		Día 13. Mobilización Xunta de Galiza (11:00-12:45)		
Arturo				
Javi	27,75	Día 5. Delegación do Goberno (10:00-13:00)	13,40	41,15
		Día 6. Piquete Cándido Hermida (06:45-08:00)		
		Día 12. CGT Metal Vigo (06:45-14:24)		
		Día 13. Mobilización Xunta de Galiza (11:00-12:30)		
Benito	14,75	Día 12. CGT Metal Vigo (06:45-14:24)	7,65	22,40
Carmen	3,00			3,00
TOTAL	117,00		39,35	156,35



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases. Tamén podes acceder usando os códigos QR.